



### CONCELLOS

#### BEGONTE

##### Anuncio

#### Información pública

Habéndose aprobado por resolución da alcaldía de data vinte de febreiro de dous mil vinte os padrós que a continuación se relacionan, e expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil dezanove.
- Taxa por recollida de lixo correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil dezanove.
- Taxa pola rede de sumidoiro correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil dezanove.
- Taxa canón de auga da Xunta de Galicia correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil dezanove.
- Taxa de autoconsumos de auga correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil dezanove.

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr. Alcalde-presidente do Concello de Begonte.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a través de Servicio Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canón da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padrós e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Begonte, 20 de febreiro de 2020.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0458

### COSPEITO

##### Anuncio

**EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLAS TAXAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS, RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E CANON AUTONÓMICO DE AUGA CORRESPONDENTE AO TERCER CUARTO DE 2019.**

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, o Alcalde – Presidente mediante Resolución do 19/11/19 adoptou acordo polo que se aproba o Padrón de contribuíntes das Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, e canon autonómico de auga correspondentes ao Cuarto trimestre de 2019 e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

**“PRIMEIRO.** Aprobar o Padrón de contribuíntes polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 58.364,04€ (IVE incluído) correspondente ao 4º trimestre de 2019 e polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:

Período	Auga	Lixo	Sumidoiros	Canon de auga	IVE	TOTAL
4º T 2019	23.635,70	22.147,99	457,44	9.755,15	2.367,76	58.364,04

**SEGUNDO.** Reiterar a publicación do período de cobro en voluntaria reflectido no calendario fiscal do ano 2020 aprobado por resolución de alcaldía de data 09.01.2020:

Padrón	Período voluntario de cobro
4º Trimestre 2019	Do 20/02/2020 ao 26/03/2020

**TERCEIRO.** Dispor a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos padróns e nos períodos indicados no punto anterior, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inxerir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito.

**CUARTO.** Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

”

(...).”

## CANON DE AUGA

De conformidade co disposto no artigo 49.7. do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

## RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercer calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económica -administrativa ante o órgano económico -administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

**FORMA DE PAGAMENTO**

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega, Banco Pastor e Abanca). Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.
2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.
3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 20 de febreiro de 2020.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 0459

**MURAS***Anuncio***BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO COMO FUNCIONARIO INTERINO POR PROGRAMA POR UN PERIODO DE TRES ANOS****PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria**

É obxecto da presente convocatoria, a contratación mediante concurso-oposición, de un/ha auxiliar administrativo como funcionario interino por programa por un período de tres anos, Escala Administración Xeral subescala auxiliar (auxiliar administrativo) grupo C2.

**SEGUNDA.- Características da praza**

- a) Denominación da praza: Auxiliar administrativo
- b) Grupo de titulación: GRUPO C (Subgrupo C2)
- c) OUTRAS CARACTERISTICAS
  - Escala: Administración Xeral
  - Subescala: auxiliar
  - Nivel C.D.: 16
  - Nivel C.E.: 4.530,80€

**TERCEIRA.- Sistema selectivo**

O sistema de selección será o de concurso-oposición, quenda libre.

**CUARTO.- Requisito dos aspirantes**

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- Ter nacionalidade española
- Posuir capacidade funcional
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos organismos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autonomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao Corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado.
- Titulación: Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente ou superior no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias.

**QUINTO.- Solicitud de participación**

As solicitudes (Anexo I) requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Muras, presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, as bases da convocatoria publicaranse na sede electrónica deste Concello [dirección <https://muras.gal>].

As solicitudes de participación deberán xuntárselles a seguinte documentación:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- Copia do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente ou superior.
- Certificado CELGA 4 ou equivalente.
- Acreditación de méritos.

**SEXTA.- Admisión dos aspirantes, data e lugar de celebración das probas**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En devandita resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello [dirección <https://muras.gal>], concederá un prazo de dez días hábiles para a emenda.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello [dirección <https://muras.gal>]. Na mesma publicación farase constar o día, hora e lugar en que deberán realizarse todas as probas.

**SÉTIMA.- Tribunal cualificador**

O Tribunal calificador estará constituído por:

- Presidente.
- Secretario
- Vogais que determine a convocatoria.

Designaranse suplentes, que en substitución dos titulares, integrarán o Tribunal.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria, da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos resultados. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O Tribunal non poderá constituirse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso requírese a presenza do/da Presidente/a e do/da Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou convinte. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto e limitaránse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concurrentes ás sesión dos tribunais, estarase ao disposto no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O Tribunal resolverá por maioría dos votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orden as mesmas.

**OITAVA.- Comenzo e desenvolvemento das probas selectivas**

O procedemento de selección desta praza é o de concurso-oposición, correspondéndolle a fase de concurso unha porcentaxe do 30% da puntuación máxima total, e a fase de oposición o 70% .

O proceso selectivo constará das seguintes fases e probas:

### 8.1.- FASE DE CONCURSO

A fase de concurso, que será previa á de oposición e non terá carácter eliminatorio. En ningún caso a puntuación da fase de concurso poderá aplicarse para superar as probas da fase de oposición.

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo co baremo establecido no apartado seguinte.

A puntuación máxima que se poderá obter nesta fase de concurso será de 30 puntos.

- Baremo de méritos.-

A).- Experiencia profesional.-

Por cada mes completo de servicios efectivamente prestados tanto nas Administracións Públicas como en empresas privadas en prazos pertencentes á Escala de Administración Xeral na categoría de auxiliar administrativo 0,10 puntos, o que equivale a 1,20 puntos por ano completo, e sen que o total poida exceder, en todo caso, de 15,00 puntos.

B).- Cursos.

Pola realización de cursos de formación impartidos en centros públicos oficiais, escolas administrativas públicas ou universidades públicas, que se consideren relevantes para a praza que se opta ou que posúan relación coas funcións a desenvolver, ata un máximo de 15,00 puntos, de conformidade cos seguintes criterios:

- a. Ata 14 horas de duración 0,10 puntos.
- b. De 15 a 24 horas de duración 0,20 puntos.
- c. De 25 a 39 horas de duración 0,40 puntos.
- d. De 40 a 59 horas de duración 0,60 puntos.
- e. De 60 a 79 horas de duración 0,80 puntos.
- f. De 80 a 100 horas de duración 1 punto.
- g. De 101 ou máis horas de duración 1,10 puntos.

- Acreditación dos méritos.-

Os méritos a que se fai referencia neste Baremo, deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data, sendo valorados só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

A acreditación dos méritos por parte dos interesados no caso do apartado A).-Experiencia profesional, realizarase exclusivamente mediante fotocopia cotexada do contrato laboral de traballo ou certificación da administración correspondente, aportándose, ademais, Informe de Vida Laboral.

A acreditación dos cursos realizarase mediante fotocopia cotexada do título ou certificación da realización.

- Prazo de valoración e publicidade.-

A valoración dos méritos deberá rematar polo menos corenta e oito horas antes do primeiro exercicio da oposición. A lista que conteña a valoración dos méritos da fase de concurso farase pública no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, antes da realización do primeiro exercicio.

### 8.2.- FASE DE OPOSICIÓN.

Consistirá na realización de tres probas de capacidade e aptitude, obrigatorias e eliminatorias; a cuarta proba de galego, contén determinacións específicas.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos aqueles que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente e libremente apreciada polo tribunal.

Os aspirantes deberán acudir provistos do documento que acredite a súa personalidade.

Desde o remate dunha proba e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días. Non obstante por razóns de celeridade o tribunal poderá propoñer aos aspirantes que se celebren nunha mesma xornada máis dunha proba.

A puntuación de cada unha delas farase calculando a media aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos membros do tribunal.

As probas do proceso selectivos serán as seguintes:

**PRIMEIRA PROBA:** De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os aspirantes.

Consistirá na contestación dun examen tipo test que constará de 60 preguntas, as cales terán que contestarse nun período máximo de unha hora e media (90 minutos), do temario do ANEXO I. As preguntas positivas terán un valor de 0,5 e as negativas de 0,1. As preguntas en branco non terán valor.

Ademais, haberá 6 preguntas de reserva que se empregarán só no caso de ser anulada algunha pregunta, seguindo estrictamente a orde de menor a maior. En calquera caso, deberase responder tamén ás preguntas de reserva.

O primeiro exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos, sendo necesario para aprobar obter una cualificación mínima de 15 puntos.

**SEGUNDO EXERCICIO:** Consistirá na resolución dous supostos prácticos relacionados co temario específico determinados polo tribunal. O tempo máximo para a realización do exercicio será de dúas horas. Neste exercicio valorarase fundamentalmente a capacidade de raciocinio, a sistemática no plantexamento e formulación de conclusións e o coñecemento e adecuada interpretación normativa aplicable ao caso.

O segundo exercicio cualificarase de 0 a 40 puntos, sendo necesario para aprobar obter una cualificación de 20 puntos.

**COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:** consistirá nunha tradución castelán-galego dun texto facilitado polo Tribunal.. Esta proba será obligatoria para aqueles que non poidan acreditar o coñecemento da lingua galega a través dos certificados correspondentes, sempre e cando tiveran superado os tres exercicios anteriores. Puntuarase como APTO ou NON APTO.

Os contidos mínimos destes programas serán os seguintes:

**Tema 1. Os contratos do sector público.** Obxecto e ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público. Tipos de contratos do sector público. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Contratos administrativos e contratos privados.

**Tema 2. Actividade subvencional das Administracións Públicas:** tipos de subvencións. Procedementos de concesión e xestión das subvencións. Reintegro de subvencións. Control financeiro. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

**Tema 3. Réxime de sesións dos órganos de goberno local:** convocatoria, desenvolvemento e adopción de acordos. As Actas.

**Tema 4. A iniciativa económica das Entidades locais e a reserva de servizos en favor das Entidades locais.** O servizo público nas entidades locais. Concepto. As formas de xestión dos servizos públicos locais.

**Tema 5. O Orzamento Xeral das Entidades Locais:** concepto e contido. Especial referencia ás bases de execución do orzamento. A elaboración e aprobación do Orzamento Xeral. A prórroga orzamentaria.

**Tema 6. A estrutura orzamentaria.** Os créditos do orzamento de gastos: delimitación, situación e niveis de vinculación xurídica. As modificacións de crédito: clases, concepto, financiamento e tramitación.

**Tema 7. A execución do orzamento de gastos e de ingresos:** as súas fases. Os pagos para xustificar. Os anticipos de caixa fixa. Os gastos de carácter plurianual. A tramitación anticipada de gastos. Os proxectos de gasto. Os gastos con financiamento afectado: especial referencia ás desviacións de financiamento.

**Tema 8. A liquidación do orzamento.** Tramitación. Os remanentes de crédito. O resultado orzamentario: concepto, cálculo e axustes. O remanente de tesourería: concepto e cálculo. Análise do remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado e do remanente de tesourería para gastos xerais. A consolidación orzamentaria.

**Tema 9. Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira.** Principios xerais. Obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e da regra de gasto para as Corporacións locais: establecemento e consecuencias asociadas ao seu incumprimento. Os Plans económico-financeiros: contido, tramitación e seguimento. Plans de axuste e de saneamento financeiro. Subministración de información financeira das Entidades Locais.

**Tema 10. A tesourería das Entidades Locais.** Réxime xurídico. O principio de unidade de caixa. Funcións da tesourería. Organización. Situación dos fondos: a caixa e as contas bancarias. A realización de pagos: prelación, procedementos e medios de pago. O cumprimento do prazo nos pagos: o período medio de pago. O estado de conciliación.

**Tema 11. A Conta Xeral das Entidades Locais:** contido, formación, aprobación e rendición. Outra información para fornecer ao Pleno, aos órganos de xestión, aos órganos de control interno e a outras Administracións Públicas.

Tema 12. Os recursos das Facendas Locais. Os tributos locais: principios. A potestade regulamentaria das Entidades Locais en materia tributaria: contido das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos. O establecemento de recursos non tributarios.

Tema 13. O crédito local. Clases de operacións de crédito. Natureza xurídica dos contratos: tramitación. As operacións de crédito a longo prazo: finalidade e duración, competencia e límites e requisitos para a concertación das operacións. As operacións de crédito a curto prazo: requisitos e condicións. A concesión de avais polas Entidades Locais.

Tema 14. O persoal ao servizo das Entidades Locais: Clases e réxime xurídico. Os instrumentos de organización do persoal: persoais e relacións de postos de traballo. Os instrumentos reguladores dos recursos humanos: a oferta de emprego, os plans de emprego e outros sistemas de racionalización. O acceso aos empregos locais: sistemas de selección e provisión. Contra as presentes bases poderase formular recurso de reposición de carácter

Tema 15. O acto administrativo: concepto, clases e elementos. A eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.

Tema 16. O procedemento administrativo común. Principios. Normativa reguladora. Os interesados no procedemento administrativo. Dereitos dos cidadáns, en particular acceso aos rexistros e arquivos.

Tema 17. O procedemento administrativo común: fases do procedemento. Formas de terminación.

Tema 18. A revisión dos actos administrativos. Os recursos administrativos. A xurisdición contencioso-administrativa: o recurso contencioso-administrativo.

Tema 19. A potestade sancionadora. Principios do exercicio da potestade sancionadora. Procedemento.

Tema 20. A responsabilidade patrimonial da administración pública. Os procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial: procedemento xeral e procedemento abreviado.

Tema 21. O municipio de Muras. Organización municipal específica. Pleno, Alcalde, Xunta de Goberno, tenentes de Alcalde, e concelleiros delegados. Comisións informativas e outros órganos complementarios.

Tema 22. Xeografía de Muras. Situación, orografía, xeoloxía, hidroloxía e climatoloxía. División por parroquias. Poboación.

#### **NOVENA.- Relación de aprobados**

O resultado final do concurso-oposición virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos tres exercicios da fase de oposición e a obtida na fase de concurso.

No caso de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, o tribunal poderá realizar alguna proba oral complementaria para dirimir o desempate.

Concluídas as probas, o Tribunal fará público o resultado final, con expresión dos datos do aspirante que obteña a maior puntuación na sede electrónica deste Concello na dirección <https://muras.gal>, precisándose que o número de aprobados non poderá pasar o número de prazas vacantes convocadas.

O Tribunal elevará á consideración da Alcaldía a proposta de contratación que, ademais, será publicada no Boletín Oficial da Provincia, debendo o aspirante proposto acreditar, no prazo de 20 días hábiles seguintes ao da publicación, que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria (Anexo II).

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non acredite devanditos requisitos ou da documentación non se deducise o seu cumprimento, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade na solicitude de participación.

Acreditadas as condicións de capacidade e os requisitos esixidos na convocatoria, o Alcalde procederá á toma de posesión como funcionario/a interino/a.

#### **DÉCIMA.- Incompatibilidades**

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

#### **UNDÉCIMA.- Incidencias**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous

meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.



**ANEXO : Modelo de declaración xurada.**

D./Dona ..... con DNI ....., e  
endereço en r/ ..... ,  
Municipio ..... Código postal .....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro: que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Segundo: que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de selección de persoal laboral fixo para o posto de traballador/a social do Concello de Muras, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

En Muras, a ..... de ..... de 2020.

(Asinado polo/a interesado/a)

**Solicitud de admisión ao proceso selectivo de selección dun funcionario/a interino por programa por un período de tres anos.**

D./Dona ..... con DNI .....,  
con domicilio a efectos de notificación en .....  
..... e teléfono nº .....,

**EXPÓN:**

1. Que tendo coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Muras para a selección do posto de traballo de ....., acepta as bases da convocatoria que declara coñecer.

2. Declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira da convocatoria.

3. Que se compromete, para ó caso de resultar contratado/a, a respecta-los dereitos das persoas con estrita observancia da Constitución e da Lei.

4. Que achega coa presente instancia a seguinte documentación:

- Copia cotexada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- Declaración xurada segundo o Anexo adxunto.
- Copia cotexada da documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega.
- Copia cotexada da titulación requirida

Por todo exposto,

**SOLICITA:**

Que se teña por presentada a presente instancia e sexa admitido/a no proceso selectivo convocado.

Muras, a ..... de ..... de 2020

(Asinado polo/a interesado/a)

**Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Muras**

---

Muras, 20 de febreiro de 2020.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0460

---

## A PONTENOVA

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2020**

Aprobado inicialmente na sesión extraordinaria do Pleno deste concello, celebrada en data 27 de febreiro de 2020, o Orzamento xeral, Bases de Execución, e o cadro de persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2020, de conformidade ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva polo prazo de quince días desde a publicación deste anuncio no BOP de Lugo, para os efectos de reclamacións e alegacións.-

De conformidade co acordo acadado o Presuposto considerárase definitivamente aprobado, se durante o devandito prazo non se presentaren reclamacións.-

A Pontenova, 27 de febreiro de 2020.- O Alcalde-Presidente, Darío Campos Conde.

R. 0487

---

## O VALADOURO

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XIMNASIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE O VALADOURO DO MES DE SETEMBRO DE 2019.**

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 2020-0060 de 20 de febreiro de 2020, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Ximnasio Municipal do Concello de O Valadouro, correspondente ao mes de setembro de 2019 polo importe total de 110,00€

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro 20 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0461

---

## **ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**

### **XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO**

#### *Anuncio*

D. SINESIO NOVO FERNÁNDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 2 DE LUGO.

**HAGO SABER:** Que por resolución dictada en fecha 10/01/2020, en el proceso seguido a instancia de MIRELA CATARINE BARROSO SOARES contra MARÍA MERCE CABOALLES PÉREZ, FONDO DE GARANTÍA SALARIAL, en materia de reclamación de cantidad, registrado con el nº 634/2019 se ha acordado citar a MARÍA MERCE CABOALLES PÉREZ con último domicilio conocido en Avenida da Mariña nº 41, 6º C, 27880 Burela (Lugo), en ignorado paradero actualmente, a fin de que comparezca el día 3 de abril de 2020, a las 11:40 horas para el acto de conciliación, y a las 11:50 horas, para la celebración del acto de Juicio, que tendrá lugar en la Sala de Vistas de este Juzgado de lo Social número 2 sito en C/ ARMANDO DURAN Nº 1, LUGO debiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Asimismo se ha acordado citar para su asistencia al acto del juicio a MARÍA MERCE CABOALLES PÉREZ, a fin de practicar, en su caso, la prueba de interrogatorio de parte solicitada por el demandante, con apercibimiento que, de no comparecer y ser admitida la prueba propuesta, se podrán tener por ciertos los hechos de la demanda en que hubiere intervenido personalmente y le resultaren en todo o en parte perjudiciales.

Se advierte a los destinatarios que las siguientes comunicaciones se harán en los estrados de este Juzgado, salvo las que deban revestir forma de auto o sentencia, o se trate de emplazamiento.

Y para que sirva de citación a MARÍA MERCE CABOALLES PÉREZ, se expide la presente cédula para su publicación en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, y colocación en el tablón de anuncios.

LUGO, a siete de febrero de dos mil veinte.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0462

## XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

### *Anuncio*

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento de **EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES 30/2020** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de **DOÑA PILAR CAMPAÑA OLIVEIRA** contra la **EMP. "EVORA MULTITASK, S.L."**, sobre **RECLAMACIÓN DE CANTIDAD**, se ha dictado AUTO y DILIGENCIA DE ORDENACIÓN de fecha 18-02-2020, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

**"Dispongo:** Despachar orden general de ejecución de sentencia a favor de la ejecutante DOÑA PILAR CAMPAÑA OLIVEIRA a la EMP. "EVORA MULTITASK, S.L.", parte ejecutada.

